

CIRCULAR INFORMATIVA BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

A FEMP infórmanos que acaban de rematar as negociacións con CEDRO co obxecto de facilitar aos concellos titulares de bibliotecas públicas o cumprimento da normativa vixente en materia de dereitos de autor, coa debida seguridade xurídica e nas condicións mais favorables posibles.

A FEGAMP e a FEMP coinciden en non recoñecer a retroactividade polo que recomentan a contabilización das obras desde o ano 2011, para a súa facturación, con independencia do que fixa a Lei estatal de Estabilidade Orzamentaria, que impide atender aos pagos daquelas sen que exista recoñecemento extraxudicial.

Xunto a esta comunicación remítese circular da FEMP na que se detallan os termos da negociación.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2015